

ACTUAR NOS CENTROS DE TRABALLO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

25 N 2023

Desde a Secretaria de Acción Sindical e a Secretaría de Muller e Políticas Sociais de UGT Servizos Públicos traballamos para garantir que os centros de traballo sexan lugares onde se preveña a violencia de xénero, así como se acompañe e actúe ante estas circunstancias. Por iso propoñemos:

1. Fomentar un enfoque de atención á violencia de xénero centrado en prevención e a garantía de dereitos.

A violencia de xénero é un problema social, resultado da cultura patriarcal, que supón unha vulneración dos Dereitos Humanos das nenas e mulleres que a sofren. Para erradicala é necesario traballar por garantir a súa prevención, atención eficaz e personalizada, e a recuperación das mulleres que se atopan en situación de risco ou que son vítimas da violencia de xénero sen revitimízalas.

2. Facilitar o acceso a un emprego de calidade en empresas e administracións para as vítimas de violencia de xénero.

Estudos e investigacións a nivel internacional conclúen que a violencia de xénero ten consecuencias no desempeño laboral e nas oportunidades de progresión profesional das mulleres que a viven. Debe ser unha prioridade crear bolsas de emprego mediante acordos entre organizacións e asociacións que traten a violencia de xénero en empresas e administracións públicas co fin de asegurar unha inserción laboral de calidade.

3. Impulsar unha cultura laboral, baseada na equidade e os dereitos humanos, para garantir que os centros de traballo sexan lugares seguros e de bo trato.

Crear unha contorna laboral segura para previr e actuar fronte á violencia de xénero supón implementar políticas e prácticas que prohiban a discriminación e o acoso en todas as súas formas e fomente a igualdade de mulleres e homes mediante medidas concretas. Estas accións deben ser visibles e sempre estar apoiadas por alta dirección así como aplicadas de maneira consistente en toda a organización co fin de previr así como acompañar en poñer fin á relación violenta e recuperar o seu proxecto de vida.

4. Introducir na negociación colectiva, así como nos plans de igualdade, garantías de protección laboral para as vítimas de violencia de xénero, que vaian desde o desenvolvemento de protocolos á implementación de medidas que garantan a sensibilización, prevención, detección e acompañamento no lugar de traballo. Incluindo todas as medidas de protección integral pertinentes que posibiliten unha resposta especializada.

5. Aumentar ou fortalecer os recursos destinados á atención á violencia de xénero nos centros de traballo, de modo que se poidan exercer os dereitos relacionados con conciliación e permisos sen diminución económica ou excedencias, así como os cambios de posto de traballo ou todas aquelas medidas que faciliten que a atención á violencia de xénero teña o carácter integral que se necesita.

6. Realizar campañas de sensibilización e información nos centros de traballo acerca da violencia de xénero, para comprender en que consisten, que facer, como previr, evitar os prexuízos e estereotipos, así como coñecer os recursos existentes para a súa atención. Ao mesmo tempo, a través de ditas campañas pódese convidar a tomar unha actitude activa de tolerancia cero fronte á violencia de xénero.

7. Formación das traballadoras e traballadores para previr, acompañar e actuar contra a violencia de xénero nos centros de traballo.

Diversos organismos internacionais e nacionais coinciden en sinalar que na maioría das ocasións, as e os traballadores non detectan síntomas ou signos da violencia de xénero. En consecuencia é fundamental facilitar unha formación adecuada que permita a detección, acompañamento e apoio desde os centros de traballo a quen vive ditas situacións.

8. Crear a figura de acompañante fronte á violencia de xénero nos centros de traballo.

Sería necesario en empresas e administracións públicas contar con traballadoras e traballadores que con formación, recursos e dispoñibilidade horaria poidan realizar unha detección e acompañamento apropiados ante situacións de violencia de xénero.

